

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**10572** *REAL DECRETO 460/2002, do 24 de maio, polo que se establecen axudas ó financiamento de accións de asesoramento para a mellora da calidade do leite producido e recollido nas explotacións.* («BOE» 131, do 1-6-2002.)

O Real decreto 1679/1994, do 22 de xullo, polo que se establecen as condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización de leite cru, leite tratado termicamente e produtos lácteos, incorporou ó noso ordenamento xurídico as directivas que son de aplicación no sector lácteo, en especial a Directiva 92/46/CEE, do Consello, do 16 de xuño, pola que se establecen as normas sanitarias aplicables á produción e comercialización de leite cru, leite tratado termicamente e produtos lácteos.

O mencionado real decreto recolle, entre outros aspectos, as normas sanitarias e de calidade aplicables á produción e comercialización do leite cru, establecendo con carácter obrigatorio que só se destine á elaboración de produtos lácteos ou de leite de consumo tratado termicamente, o leite cru procedente de animais sans e de explotacións que cumpran determinadas normas de hixiene.

Así mesmo, o dito real decreto establece os requisitos que debe cumprir o leite cru no momento da súa recolla nas explotacións, así como a obriga dos centros de recolla, centros de normalización, establecementos de tratamento e establecementos de transformación de lles comunicar ós órganos competentes aqueles casos nos que o leite cru recollido nas explotacións non alcance os niveis mínimos de calidade.

Con obxecto de avanzar no proceso de mellora da calidade do leite, resulta conveniente apoia-las medidas de asesoramento e control que contribúan á dita mellora.

Para garantir un desenvolvemento racional das ditas accións, estas deben ser organizadas e coordinadas a través de programas de control e mellora da calidade do leite.

Considérase que, se ben o beneficiario das axudas é o produtor de leite, estas deben ser xestionadas polos compradores autorizados, os centros de recolla, os establecementos de tratamento ou transformación autorizados, así como as agrupacións de produtores, debido á súa capacidade de levar a cabo un programa eficaz de asesoramento e mellora da calidade que inclúa a un conxunto de produtores.

Estas axudas financiaranse con cargo ós correspondentes créditos existentes nos orzamentos xerais do Estado e poderán complementarse con fondos adicionais achegados polas comunidades autónomas.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados e cumpriuse o trámite de información a que se refire o artigo 88.3 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de maio de 2002,

### DISPONGO:

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto establece as bases reguladoras das axudas estatais destinadas a prestar apoio técnico ó sector produtor de leite para mellora-lo control e a calidade do leite producido e recollido nas explotacións.

Este apoio técnico realizarase a través de programas que teñan por finalidade mellora-lo cumprimento das esixencias establecidas no anexo A do Real decreto 1679/1994, do 22 de xullo, polo que se establecen as condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización de leite cru, leite tratado termicamente e produtos lácteos.

#### Artigo 2. *Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios das axudas reguladas neste real decreto, sempre que formen parte dalgunha das entidades ás que se refire o artigo seguinte:

1. Os produtores de leite de vaca que:

a) Teñan cantidade de referencia asignada e cumpran coas obrigas impostas polo réxime da taxa suplementaria.

b) Participen en programas de mellora das condicións hixiénico-sanitarias da súa explotación e do leite obtido nela.

Para os produtores situados na Comunidade Autónoma de Canarias non será de aplicación a alínea a) deste punto.

2. Os produtores de leite de ovella e cabra que participen en programas de mellora das condicións hixiénico-sanitarias da súa explotación e do leite obtido nela.

#### Artigo 3. *Solicitudes.*

Poderán presenta-las solicitudes das axudas previstas neste real decreto, sempre e cando elaboren e apliquen os programas descritos no artigo 5:

1. As agrupacións de produtores de leite, sempre que tódolos seus socios cumpran cos requisitos establecidos no punto 1 ou no punto 2 do artigo anterior.

2. No caso de leite de vaca:

a) Os compradores autorizados ou as súas asociacións que se comprometan a un pagamento diferencial por parámetros de calidade superiores ós que esixe a

normativa vixente e que cumpran coas obrigas impostas polo réxime da taxa suplementaria.

b) Para a Comunidade Autónoma de Canarias, os establecementos de tratamento autorizados ou as súas asociacións que se comprometan a un pagamento diferencial por parámetros de calidade superiores ós que esixe a normativa vixente.

3. No caso de leite de cabra e ovella, os centros de recollida, establecementos de tratamento ou de transformación definidos no artigo 2 do Real decreto 1679/1994 ou as súas asociacións que se comprometan a un pagamento diferencial por parámetros de calidade superiores ós que esixe a normativa vixente.

#### Artigo 4. *Presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes, que conterán, polo menos, os datos que figuran no punto 1 do artigo 5 deste real decreto, dirixiranse ó órgano competente da comunidade autónoma onde radiquen as explotacións de produción de leite incluídas no programa de mellora e presentaranse ante este órgano ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes presentaranse nos prazos establecidos polas comunidades autónomas nas súas respectivas convocatorias e, en todo caso, antes do 30 de abril de cada ano.

2. En caso de que o programa afecte a explotacións de varias comunidades autónomas, o interesado deberá presentar unha solicitude por cada comunidade autónoma, relativa ás explotacións situadas nela.

3. As solicitudes irán acompañadas, polo menos, de:

a) A memoria descritiva do programa establecido no artigo 5 deste real decreto.

b) A relación de explotacións incluídas no programa e dos seus titulares, así como o volume de leite producido nelas.

c) En caso de que a solicitude sexa dun primeiro comprador autorizado, centro de recolla, establecemento de tratamento ou de transformación autorizado, compromiso de pagamento diferencial dos parámetros de calidade do leite superiores ós esixidos na normativa vixente.

d) Compromiso de comunicarlle ó órgano competente da comunidade autónoma, na forma que este dispoña, os resultados do programa en cada unha das explotacións acollidas a el.

#### Artigo 5. *Programas de mellora.*

1. Os programas de mellora deberán contar cunha memoria na que se recolla, polo menos, o seguinte:

a) Identificación do comprador autorizado, centro de recolla, establecemento de tratamento ou de transformación ou agrupación de produtores que apliquen o programa, así como das explotacións que se beneficien del e a súa localización xeográfica.

Cando se trate dunha asociación de compradores, de centros de recolla, ou de establecementos de tratamento ou de transformación, presentaranse esta información desagregada por cada un deles.

b) Identificación, se é o caso, da entidade á que se lle encomenda a aplicación das accións previstas no programa de mellora.

c) Identificación dos parámetros que deben ser obxecto de mellora.

d) Descrición detallada de:

1.º Os gastos que se realizarán recollidos no punto 1 do artigo 6 deste real decreto.

2.º Inversións necesarios para o desenvolvemento das funcións de asesoramento das recollidas no punto 2 do artigo 6 deste real decreto.

e) Establecemento dun sistema de seguimento que permita avaliar a eficacia das medidas.

f) Orzamento detallado dos demais gastos derivados da execución do programa.

g) Determinación específica dos laboratorios responsables dos controis analíticos, debidamente autorizados polas comunidades autónomas.

2. O programa de mellora deberá afectar:

a) A tódalas explotacións integrantes, no caso de que o solicitante da axuda sexa unha agrupación das recollidas no punto 1 do artigo 3 deste real decreto, excepto aquelas explotacións que xa estean incluídas nun programa de mellora.

b) A tódalas explotacións subministradoras, no caso de que o solicitante da axuda sexa algún dos recollidos nos puntos 2 ou 3 do artigo 3 deste real decreto, excepto aquelas explotacións que xa estean incluídas nun programa de mellora.

3. Poderanse excluír do cumprimento do anterior punto os seguintes casos excepcionais, debidamente xustificadas a xuízo do órgano competente da comunidade autónoma:

a) Unha catástrofe natural grave que afectase de forma importante a unha explotación.

b) A morte ou sacrificio dunha parte significativa do rabaño dunha explotación como consecuencia dunha epizootia oficialmente declarada ou que sexa obxecto de programas nacionais de erradicación.

c) Calquera outra causa debidamente documentada e así considerada pola autoridade competente.

#### Artigo 6. *Gastos subvencionables.*

1. Serán subvencionables as accións de asesoramento técnico dirixido a todos aqueles factores que inciden na mellora da calidade hixiénica e fisicoquímica do leite cru e sobre os cales se desenvolverán os programas, que deberán recoller, en concreto:

a) Adecuación e limpeza de instalacións e equipamentos.

b) Mellora das condicións hixiénicas das explotacións.

c) Rutina de muxidura e manipulación do leite.

d) Mellora das condicións sanitarias das ganderías: prevención e control de enfermidades, en especial de mamite.

e) Prevención e control de residuos de medicamentos e hormonais.

Adicionalmente, os programas, sempre que inclúan os factores anteriormente descritos, poderán contemplar accións de asesoramento en mellora xenética ou nutrición, sempre que vaian dirixidos especificamente á mellora na calidade do leite.

2. Así mesmo, serán subvencionables os investimentos que resulten necesarios para levar a cabo os labores de asesoramento descritos no punto 1 e que inclúan a adquisición dos seguintes bens e servizos:

a) Prestación da asistencia técnica ás explotacións.

b) Gastos derivados dos sistemas de revisión e control do funcionamento das instalacións de muxidura e do tanque de refrixeración.

c) A criterio da comunidade autónoma poderá incluírse a realización de controis analíticos do leite obtido na explotación, así como os medios necesarios para realizar eses controis.

d) Análises para o control de mamite, que incluírán o test de california, o estudio etiolóxico e os antibiogramas.

e) Gastos de xestión derivados do programa.

f) Formación do persoal técnico, que incluírá cursos e conferencias.

g) Divulgación de boas prácticas e novas tecnoloxías ó gandeiro, que incluírá a elaboración de material didáctico como publicacións e folletos e a organización de cursos e conferencias.

3. Quedan expresamente excluídos os seguintes investimentos:

a) Os derivados do funcionamento habitual dunha explotación láctea.

b) Os medios de transporte.

#### Artigo 7. *Importe das axudas.*

O importe total das axudas concedidas ó abeiro deste real decreto non poderá superar, en ningún caso, o 50 por cento dos gastos necesarios para o desenvolvemento do programa de mellora.

#### Artigo 8. *Resolución.*

1. Os órganos competentes da comunidade autónoma ante a que se presenten as solicitudes resolverán a concesión ou denegación das axudas, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias.

2. Os programas de mellora ordenaranse ou puntuaranse, con vistas á concesión das axudas, en función do número de gandeiros afectados polo programa e a idoneidade dos propios programas. En último lugar, e en caso de igual puntuación, terase en conta tamén o volume de leite que represente cada programa.

3. Nas resolucións de concesión das axudas farase constar expresamente o importe dos fondos que proceden dos orzamentos xerais do Estado.

#### Artigo 9. *Xustificación e pagamento.*

1. Os solicitantes que obtivesen unha resolución favorable de concesión de axuda deberán, antes do 1 de febreiro do ano seguinte:

a) Comunicarlle o remate do programa ó órgano competente da comunidade autónoma, xuntando a xustificación necesaria para que poida procederse ó pagamento da axuda e, en particular, os xustificantes de investimento e gasto, así como a memoria explicativa sobre a súa realización e os resultados da avaliación en cada unha das explotacións acollidas ó programa.

b) Enviarlle á Comunidade Autónoma un informe individualizado para cada unha das explotacións acollidas ou beneficiarias do programa no que se reflicta:

1.º O grao de cumprimento dos obxectivos ou compromisos recollidos na memoria do programa.

2.º A evolución dos resultados dos controis analíticos, en especial o nivel de cumprimento do programa, así como o grao de mellora alcanzado en relación coas esixencias do Real decreto 1679/1994 relativas a: parámetros físicoquímicos, parámetros microbiolóxicos e presenza de residuos.

2. O órgano competente da comunidade autónoma procederá ó pagamento das axudas ó solicitante, tras efectualas comprobacións oportunas, en especial no que se refire a:

a) Documentos e xustificantes establecidos no punto 1 deste artigo.

b) Realización de controis aleatorios «in situ» con resultado satisfactorio.

#### Artigo 10. *Avaliación de resultados.*

1. O órgano competente da comunidade autónoma realizará un informe de avaliación, que incluírá controis aleatorios «in situ», da eficacia de cada un dos programas aplicados onde se recollerá un resumo dos aspectos mencionados que se avaliarán en cada explotación, para o conxunto das explotacións acollidas ou beneficiarias deste programa.

O grao de eficacia nos resultados reflectido nestes informes poderá utilizarse como posible criterio para a concesión de axudas para programas de anos posteriores.

2. O órgano competente da comunidade autónoma remitiralle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación un informe global da eficacia dos programas de mellora da calidade do leite para o conxunto das explotacións nas que se aplicaron. Debe reflectirse con claridade a situación antes, durante e despois da aplicación destes programas e, en particular, a evolución dos resultados analíticos tanto físicoquímicos, microbiolóxicos como de residuos, e o grao ou nivel de cumprimento segundo as esixencias do Real decreto 1679/1994. Farase un estudio comparativo de resultados analíticos coa totalidade das explotacións da comunidade autónoma, de forma que se poida avaliar con claridade a diferenza entre as explotacións que reciben estas axudas e as que non.

Xuntarase unha descrición das liñas ou niveis de actuación sobre os que se dirixiron as axudas e os fondos dedicados a cada unha delas.

#### Artigo 11. *Deber de comunicación.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán á Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a relación de asignatarios e as axudas concedidas, antes do 30 de novembro de cada ano.

2. Igualmente, co fin de valorala consecución dos obxectivos previstos, os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán á Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 1 de marzo do ano seguinte, o informe establecido no punto 2 do artigo 10 deste real decreto.

#### Artigo 12. *Financiamento.*

1. As axudas a que se refire este real decreto financiaranse con cargo ós correspondentes créditos existentes nos orzamentos xerais do Estado, que se distribuirán entre as comunidades autónomas de acordo co previsto no artigo 153 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá subscribir convenios de colaboración coas comunidades autónomas nos que estas se comprometan á achega de fondos adicionais complementarios para o financiamento destas axudas.

3. Polo seu tratamento como carga asumida no cálculo da cota do País Vasco e Navarra, estas comunidades autónomas quedan excluídas de asignacións nas axudas establecidas neste real decreto.

Disposición adicional única. *Axudas para o ano 2002.*

Para o ano 2002, o financiamento destas axudas efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 2121713E 774.02 dos orzamentos xerais do Estado para ese ano, cun crédito máximo de 12.020.240 euros.

Disposición transitoria primeira. *Prazo de solicitudes para o ano 2002.*

Para o ano 2002, o prazo de presentación de solicitudes rematará ós dous meses da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Programas de mellora para os anos 2002 e 2003.*

Non obstante o disposto no punto 2 do artigo 5 deste real decreto, será suficiente que as explotacións que integran un programa de mellora alcancen, en relación co volume total de leite do dito programa, o 80 por 100 durante o ano 2002 e o 90 por 100 durante o ano 2003.

Disposición transitoria terceira. *Aplicación retroactiva.*

Este real decreto aplicarase con carácter retroactivo ás solicitudes presentadas a partir do 1 de xaneiro de 2002.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1563/1998, do 17 de xullo, de medidas para a mellora integral das explotacións de produción e en relación cos compradores de leite, e o Real decreto 1443/2000, do 28 de xullo, polo que establecen as axudas ó financiamento de programas de mellora da calidade do leite producido nas explotacións da Comunidade Autónoma de Canarias.

Disposición derradeira primeira. *Condicionamento do pagamento.*

As resolucións de concesión das axudas farán constar expresamente que o pagamento estará condicionado a que se producise unha decisión positiva da Comisión Europea sobre a presente norma, de acordo co establecido no artigo 88.3 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Disposición derradeira segunda. *Título habilitante.*

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle reserva ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para a aplicación e cumprimento do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de maio de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE

**10573 REAL DECRETO 461/2002, do 24 de maio, polo que se concretan determinados aspectos da normativa comunitaria no sector do azucre.** («BOE» 131, do 1-6-2002.)

O sector do azucre foi obxecto dunha regulación singular no ámbito comunitario. Así, o Regulamento (CE) 1260/2001, do Consello, do 19 de xuño, que establece a organización común de mercados no sector do azucre, fixa a posibilidade de conceder restitucións pola utilización de determinados produtos do sector do azucre que se empreguen na industria química, de trasladar parte do azucre producido nunha campaña á seguinte e fusionar parte da produción de isoglicosa e a comunicación á Comisión dos datos necesarios para a aplicación deste regulamento.

Posteriormente, o Regulamento (CE) 1265/2001, da Comisión, do 27 de xuño, establece as modalidades de aplicación do Regulamento (CE) 1260/2001 no que se refire á concesión da restitución pola utilización de determinados produtos do sector do azucre na industria química.

Con anterioridade, o Regulamento (CEE) 65/1982, da Comisión, do 13 de xaneiro, establece as modalidades de aplicación para o traslado de azucre dunha campaña á campaña de comercialización seguinte, e o Regulamento (CE) 314/2002, da Comisión, do 20 de febreiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación do réxime de cotas no sector do azucre, prevé a posibilidade de fusionar a produción de isoglicosa do mes de xuño dunha campaña coa do mes de xullo da campaña seguinte para imputación á conta desta última.

Finalmente, o Regulamento (CE) 779/1996, da Comisión, do 29 de abril, establece as comunicacións no sector do azucre que os estados membros deben efectuar á Comisión.

Sen prexuízo da aplicabilidade directa dos regulamentos comunitarios e para unha maior comprensión por parte dos interesados, considérase conveniente reproducir parcialmente algúns aspectos da regulamentación comunitaria.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de maio de 2002,

DISPÕÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto concretar diversos aspectos da normativa comunitaria aplicable ás seguintes materias:

a) Concesión da restitución á produción, pola utilización de determinados produtos do sector do azucre na industria química.